

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36015159	Chan do Monte	Marín	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMA	Instalación e mantemento	CBIMA11	Mantemento de vivendas	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3023	Redes de evacuación	2024/2025	7	157	188
MP3023_12	Implantación de redes de evacuación	2024/2025	7	57	68
MP3023_22	Montaxe e mantemento de redes de evacuación de auga	2024/2025	7	100	120

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ANA MARÍA PÉREZ GONZÁLEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O título profesional básico en Mantemento de Vivendas queda identificado polos seguintes elementos:

- Denominación: título profesional básico en Mantemento de Vivendas.
- Nivel: formación profesional básica.
- Duración: 2.000 horas.
- Familia profesional: Instalación e Mantemento.
- Referente europeo: CINE-3.5.3 (Clasificación internacional normalizada da educación).

A competencia xeral do título profesional básico en Mantemento de Vivendas consiste en realizar operacións básicas de montaxe e mantemento de elementos de fontanería, calefacción e climatización, pequenas reparacións e substitución de elementos sinxelos en instalacións electrotécnicas, en revestimentos continuos, en azulexado e en pintura, así como a montaxe e a colocación de moblaxe prefabricada e complementos mobiliarios da vivenda, coa calidade indicada, aplicando as normas de prevención de riscos laborais e protección ambiental correspondentes, e comunicándose de forma oral e escrita en linguas galega e castelá, así como nalgunha lingua estranxeira.

As competencias profesionais, persoais e sociais, e as competencias para a aprendizaxe permanente do título profesional básico en Mantemento de Vivendas son as que se relacionan:

- a) Seleccionar materiais, ferramentas e máquinas-ferramenta para a substitución, a montaxe ou a colocación de elementos ou reparacións nas instalacións, de superficies ou de elementos de moblaxe da vivenda, a partir de ordes de traballo ou instrucións.
- b) Abrir rozas e gabias para tender canalizacións eléctricas, tubaxes de evacuación e subministración de auga, circuitos de calefacción e climatización básica.
- c) Ensambalar elementos de tubaxes de evacuación e subministración de auga e instalacións de calefacción.
- d) Montar pequenas instalacións de rega automática logo de elaborar, de ser o caso, pequenos esquemas de montaxe, asegurando a cobertura de toda a superficie e o aforro de auga.
- e) Instalar equipamentos sanitarios da vivenda conectándoos á rede de evacuación e de auga.
- f) Realizar operacións de montaxe de unidades interiores e exteriores de equipamentos de climatización doméstica e do seu mantemento de primeiro nivel.
- g) Realizar operacións de ensamblaxe de condutos de ventilación en fibra ou similar, así como operacións de acabamento de superficies e de selaxe de xuntas.
- h) Substituír elementos sinxelos que compoñen as instalacións electrotécnicas no ámbito de vivenda, a partir das instrucións recibidas ou dos manuais de uso.



- i) Reparar zonas deterioradas de revestimentos continuos de paredes e teitos, pintando a superficie afectada e substituíndo elementos cerámicos (solados e azulexados).
- j) Montar e colocar moblaxe prefabricada, complementos mobiliarios e accesorios de fogar, e realizar as reparacións básicas e a substitución de ferraxes nesa moblaxe.
- k) Realizar probas funcionais dos elementos substituídos, empregando os instrumentos e o procedemento requirido.
- l) Manter en funcionamento e bo estado de uso as máquinas-ferramenta, os equipamentos, as ferramentas e os utensilios, cumprindo os procedementos establecidos nos manuais de fábrica.
- n) Resolver problemas predicibles relacionados cos ámbitos físico, social, persoal e produtivo, utilizando o razoamento científico e os elementos proporcionados polas ciencias aplicadas e sociais.
- ñ) Actuar de maneira saudable en contextoscotiáns que favorezan o desenvolvemento persoal e social, analizando hábitos e influencias positivas para a saúde humana.
- o) Valorar actuacións encamiñadas á conservación ambiental, diferenciando as consecuencias das actividades cotiás que poidan afectar o equilibrio do ambiente.
- p) Obter e comunicar información destinada á autoaprendizaxe e ao seu uso en distintos contextos do seu ambiente persoal, social ou profesional mediante recursos ao seu alcance e os propios das tecnoloxías da información e da comunicación.
- q) Actuar con respecto e sensibilidade cara á diversidade cultural, o patrimonio históricoartístico e as manifestacións culturais e artísticas, apreciando o seu uso como fonte de enriquecemento persoal e social.
- r) Comunicarse con claridade, precisión e fluidez en contextos sociais ou profesionais e por diferentes medios, canles e soportes ao seu alcance, utilizando e adecuando recursos lingüísticos orais e escritos propios das linguas galega e castelá.
- s) Comunicarse en situacións habituais de carácter laboral, persoal e social, utilizando recursos lingüísticos básicos en lingua estranxeira.
- t) Realizar explicacións sinxelas sobre acontecementos e fenómenos característicos das sociedades contemporáneas a partir da información histórica e xeográfica ao seu dispor.
- u) Adaptarse ás novas situacións laborais orixinadas por cambios tecnolóxicos e organizativos na súa actividade laboral, utilizando as ofertas formativas ao seu alcance e localizando os recursos mediante as tecnoloxías da información e da comunicación.
- v) Cumprir as tarefas propias do seu nivel con autonomía e responsabilidade, empregando criterios de calidade e eficiencia no traballo asignado e efectuándoo de forma individual ou como membro dun equipo.

- w) Comunicarse eficazmente, respectando a autonomía e a competencia das persoas que interveñen no seu ámbito de traballo, contribuíndo á calidade do traballo realizado.
- x) Asumir e cumprir as medidas de prevención de riscos e seguridade laboral na realización das actividades laborais, evitando danos persoais, laborais e ambientais.
- y) Cumprir as normas de calidade e de accesibilidade e deseño universais que afectan a súa actividade profesional.
- z) Actuar con espírito emprendedor, iniciativa persoal e responsabilidade na elección dos procedementos da súa actividade profesional.
- aa) Exercer os seus dereitos e cumprir as obrigas derivadas da súa actividade profesional, de acordo co establecido na lexislación vixente, participando activamente na vida económica, social e cultural.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Redes de evacuación. constitución e características		68	36
2	Montaxe de redes xerais de evacuación de augas residuais en edificios		30	16
3	Montaxe de redes de evacuación de augas residuais en vivendas		35	19
4	Montaxe de redes de evacuación e de instalacións de recuperación de auga pluviais en edificios		35	19
5	Mantemento de instalacións, de redes de evacuación de augas residuais e pluvias		20	10

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Redes de evacuación. constitución e características	68

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Acondiona a zona de traballo, describe as operacións que cumpra realizar e identifica equipamentos e materiais	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Interpretouse a documentación gráfica
CA1.1.1 Interpretouse a documentación gráfica, en redes de evacuación de augas residuais
CA1.1.2 Interpretouse a documentación gráfica, en redes de evacuación de augas pluviais
CA1.2 Recoñecéronse os elementos que haxa que instalar
CA1.2.1 Recoñecéronse os elementos a instalar en redes de augas residuais
CA1.2.2 Recoñecéronse os elementos a instalar en redes de augas pluviais
CA1.3 Extraeuse a información salientable para levar a cabo a preparación da zona de traballo
CA1.4 Identificáronse as operacións que se vaian realizar
CA1.4.1 Identificáronse as operacións a realizar, en redes de augas residuais
CA1.4.2 Identificáronse as operacións a realizar, en redes de augas pluviais
CA1.5 Limpouse o contorno das zonas en que se vaian realizar os traballos
CA1.6 Aproxionáronse os materiais, os equipamentos e as ferramentas
CA1.6.1 Aproxionáronse os materiais, os equipamentos e as ferramentas, en redes de augas residuais
CA1.6.2 Aproxionáronse os materiais, os equipamentos e as ferramentas, en redes de augas pluviais

Criterios de avaliación
CA1.7 Realizáronse operacións de apertura de rozas
CA1.8 Clasificáronse os residuos de apertura de rozas
CA1.9 Abríronse e compactáronse gabias no terreo
CA1.10 Mantivéronse as zonas de traballo da súa responsabilidade en condicións de orde, limpeza e seguridade
0 CA1.10.1 Mantivéronse as zonas de traballo da súa responsabilidade en condicións de orde, limpeza e seguridade, en redes de augas residuais
0 CA1.10.2 Mantivéronse as zonas de traballo da súa responsabilidade en condicións de orde, limpeza e seguridade, en redes de augas pluviais
CA1.11 Aplicáronse as especificacións de prevención de riscos laborais e ambientais requiridas
CA1.11.1 Aplicáronse as especificacións de prevención de riscos laborais e ambientais requiridas, en redes de augas residuais
CA1.11.2 Aplicáronse as especificacións de prevención de riscos laborais e ambientais requiridas, en redes de augas pluviais
CA1.12 Operouse con autonomía nas actividades propostas

4.1.e) Contidos

Contidos
Sistemas de unidades. Medida de magnitudes. Lonxitudes, superficies e volumes, presións e temperaturas.
Orde de desmontaxe e montaxe de elementos.
Condições de seguridade.
Especificacións de prevención de riscos laborais e ambientais aplicables.
Representación gráfica (manual) de instalacións de redes de evacuación. Interpretación de escalas.
Representación gráfica (manual) de instalacións de redes de evacuación de augas residuais. Interpretación de escalas
Representación gráfica (manual) de instalacións de redes de evacuación de augas pluviais. Interpretación de escalas
Manexo de equipamentos de medida.

Contidos
<p>Identificación de compoñentes.</p> <p style="color: red;">Identificación de compoñentes, de redes de evacuación de augas residuais.</p> <p style="color: red;">Identificación de compoñentes, de redes de evacuación de augas publiais.</p> <p>Manexo de ferramentas portátiles.</p> <p>Técnicas de marcaxe de caixas e rozas.</p> <p>Técnicas de clasificación dos residuos.</p> <p>Técnicas de evacuación de residuos.</p> <p>Marcaxe de elementos.</p>

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Montaxe de redes xerais de evacuación de augas residuais en edificios	30

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Monta redes xerais de evacuación de auga, tendo en conta a función que realiza cada compoñente	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Describiuse a función de cada elemento no conxunto da instalación
CA1.2 Identificouse o sistema de montaxe (vertical, horizontal, pendentes, conexións, etc.)
CA1.3 Fíxose a implantación da instalación

Criterios de avaliación
CA1.4 Realizouse a montaxe da estrutura necesaria (estada, traballo vertical e suxeicións) para a instalación de evacuación de auga
CA1.5 Montáronse os elementos (pechamentos hidráulicos, baixantes, colectores pendurados, elementos de conexión, etc.) dunha rede xeral de evacuación dun edificio ou dunha vivenda tipo
CA1.6 Montáronse os elementos (pechamentos hidráulicos, baixantes, colectores pendurados, elementos de conexión, fosa séptica, etc.) dunha vivenda unifamiliar
CA1.7 Preparouse o morteiro necesario para a suxeición das conducións tendo en conta a ausencia de vibracións e o illamento acústico
CA1.8 Conectáronse os elementos da instalación
CA1.9 Realizáronse probas de funcionamento
CA1.10 Colaborouse cos/coas compañeiros/as para a realización dos traballos
CA1.11 Aplicáronse as medidas requiridas pola lexislación de tratamento de augas
CA1.12 Retirouse o material sobranse e clasificouse para o seu aproveitamento ou a súa reciclaxe

4.2.e) Contidos

Contidos
<p>Tipoloxía das instalacións de evacuación de augas.</p> <p>Características dos materiais das tubaxes.</p> <p>Configuracións dos sistemas de evacuación.</p> <p>Elementos que compoñen as instalacións.</p> <p>Técnicas de montaxe e unión de tubaxes plásticas, de gres e de fundición.</p> <p>Especificacións de prevención de riscos laborais na montaxe.</p> <p>Lexislación sobre tratamento de augas.</p>

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Montaxe de redes de evacuación de augas residuais en vivendas	35

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Monta redes de evacuación de augas residuais, tendo en conta función que realiza cada compoñente	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Describiuse a función de cada elemento no conxunto dunha instalación de evacuación de augas residuais
CA3.2 Identificouse o sistema de montaxe (vertical, horizontal, pendentes, conexións, etc.)
CA3.3 Fixose a implantación da instalación
CA3.4 Uníronse e tendéronse as tubaxes de evacuación de augas residuais presentándoas desde cada equipamento sanitario ao colector ou á baixante correspondente, seguindo as instrucións correspondentes
CA3.5 Uniuse cada condución da rede de evacuación de augas residuais dun cuarto de baño a cada equipamento sanitario ou elemento terminal
CA3.6 Insonorizáronse as tubaxes de evacuación
CA3.7 Conectouse a rede de evacuación de augas residuais aos elementos (colectores, arquetas, pozos, etc.) da rede xeral de evacuación do edificio, seguindo a normativa correspondente
CA3.8 Realizáronse probas de funcionamento
CA3.9 Colaborouse cos/coas compañeiros/as para a realización dos traballos
CA3.10 Retírouse o material sobranste e clasificouse para o seu aproveitamento ou a súa reciclaxe
CA3.11 Aplicáronse as medidas requiridas pola lexislación de tratamento de augas

4.3.e) Contidos

Contidos
Tipoloxía das instalacións de evacuación de augas residuais.
Características dos materiais das tubaxes.
Configuracións dos sistemas de evacuación.
Elementos que compoñen as instalacións.
Técnicas de montaxe e unión.
Probas de estanquidade.
Lexislación sobre tratamento de augas.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Montaxe de redes de evacuación e de instalacións de recuperación de auga pluviais en edificios	35

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Monta redes de evacuación de augas pluviais, tendo en conta función que realiza cada compoñente	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Descríbiuse a función de cada elemento no conxunto da instalación e o seu sistema de montaxe (vertical, horizontal, pendentes, conexións, etc.)
CA2.2 Identifícase o sistema de montaxe (vertical, horizontal, pendentes, conexións, etc.)
CA2.3 Fíxose a implantación da instalación

Criterios de avaliación
CA2.4 Montáronse as conducións dunha rede de evacuación de augas pluviais de evacuación dun edificio ou dunha vivenda tipo (canlóns, baixantes, colectores pendurados ou soterrados, elementos de conexión, etc.)
CA2.5 Aplicáronse técnicas de ancoraxe e suxeición, e as normas de seguridade establecidas
CA2.6 Realizáronse operacións de conexión dos elementos da rede de evacuación á rede xeral (colectores, arquetas, pozos, etc.)
CA2.7 Realizáronse probas de funcionamento
CA2.8 Colaborouse cos/coas compañeiros/as para a realización dos traballos
CA2.9 Retirouse o material sobranste e clasificouse para o seu aproveitamento ou a súa reciclaxe
CA2.10 Aplicáronse as medidas de prevención de riscos laborais e ambientais requiridas

4.4.e) Contidos

Contidos
<p>Tipoloxía das instalacións de evacuación de augas pluviais.</p> <p>Características dos materiais das tubaxes.</p> <p>Configuracións dos sistemas de evacuación.</p> <p>Elementos que compoñen as instalacións.</p> <p>Técnicas de montaxe e unión de canlóns e tubaxes.</p> <p>Sistemas de suxeición.</p> <p>Probas de estanquidade.</p> <p>Instalacións de recuperación da auga de chuvia.</p> <p>Especificacións de prevención de riscos laborais e ambientais aplicables.</p>

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Mantemento de instalacións, de redes de evacuación de augas residuais e pluvias	20

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Mantén redes de evacuación de augas, e asocia as disfuncións coa súa posible causa	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Descríbense as posibles disfuncións que poden presentar as redes xerais de evacuación, as redes de augas pluviais e as redes de augas residuais
CA4.2 Relaciónáronse as disfuncións das redes coas operacións de mantemento
CA4.3 Seleccionáronse equipamentos, ferramentas e utensilios necesarios para as operacións de mantemento
CA4.4 Realizáronse operacións de reparación e mantemento de instalacións das redes conforme a normativa
CA4.4.1 En redes de evacuación de augas residuais
CA4.4.2 En redes de evacuación e recuperación de augas pluviais.
CA4.5 Realizáronse probas de funcionamento
CA4.6 Aplicáronse as especificacións de prevención de riscos laborais e ambientais requiridas
CA4.6.1 En redes de evacuación de augas residuais
CA4.6.2 En redes de evacuación e recuperación de augas pluviais.
CA4.7 Aplicáronse as medidas requiridas pola lexislación de tratamento de augas

Criterios de avaliación

CA4.8 Retírouse o material sobranste e clasificouse para o seu aproveitamento ou a súa reciclaxe
--

4.5.e) Contidos

Contidos

Comprobacións periódicas de estanquidade.

Revisión de sifóns e válvulas.

Diminución de caudais.

Eliminación de atascos.

En redes de evacuación de augas residuais

En redes de evacuación e recuperación de augas pluviais.

Especificacións de prevención de riscos laborais e ambientais aplicables.

En redes de evacuación de augas residuais

En redes de evacuación e recuperación de augas pluviais.

Lexislación sobre tratamento de augas.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Criterios de cualificación.

Cada UD é un bloque de coñecemento relacionado cos mínimos exixibles, polo que para a avaliación positiva do módulo o alumno debe superar todas as UD do mesmo.

O módulo consta de 5 unidades didácticas repartidas en dúas avaliacións:

1ª Avaliación: UD1-UD2

2ª Avaliación: UD3-UD4-UD5

A nota para cada unidade didáctica calcúlase aplicando os porcentaxes indicados para cada criterio de avaliación. Para superar a unidade didáctica a nota mínima será de 5 sobre 10

A nota da 1ª AVALIACIÓN será a media das unidades didácticas impartidas na mesma. Para a superación da avaliación a nota será de 5 ou maior, sempre e cando, supere todas as unidades didácticas impartidas. No caso de ter unha UD con nota inferior a 5, a nota da avaliación será inferior a 5.

A nota da 2ª avaliación e final será a ponderada das UD indicada no apartado 3, sempre e cando, supere todas as UD impartidas. No caso de ter unha UD con nota inferior a 5, a nota da avaliación será inferior a 5.

Para a superación do módulo é condición ter superadas todas as UD cunha nota de 5 ou maior. No caso de ter unha nota inferior a cinco en algunha UD a máxima nota do módulo será un catro, debendo recuperar as UD's non superadas na avaliación extraordinaria.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O alumno que non supere a 1ª avaliación poderá recuperar os mínimos exixibles non superados de cada UD realizando actividades extra, programadas polo profesor, ao longo da segunda avaliación e realizar a actividade de avaliación correspondente antes da finalización da mesma. O profesor informará ao alumno dos mínimos exixibles non superados, as actividades a realizar e as datas de entrega das actividades de recuperación. As actividades serán entregadas na aula virtual do módulo dentro dos prazos establecidos.

Finalizada a 2ª avaliación, o alumno que teña UD non superadas, realizará as actividades de recuperación relacionadas cos mínimos exixibles non superados, durante o terceiro trimestre ata a data da avaliación final. O alumno realizará as actividades de avaliación das UD non superadas.

O profesor entregará ao alumno un informe individualizado detallando as unidades didácticas pendentes do módulo, as actividades de recuperación teórico-prácticas a realizar polo alumno ata a avaliación final e as datas das actividades de avaliación correspondentes. O alumno entregará as actividades na aula virtual do módulo nos prazos correspondentes a cada actividade e realizará as actividades prácticas no taller.

Para aprobar o módulo o alumno entregará no prazo correspondente as tarefas de avaliación indicadas, superalas satisfactoriamente aplicando os criterios de avaliación e cualificación correspondentes.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que perdesse o dereito á avaliación continua nun determinado módulo terá dereito a unha proba final extraordinaria previa á avaliación final de módulos correspondente, de acordo co establecido no artigo 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011. A cualificación obtida na devandita proba consignarase na avaliación final de módulos do curso correspondente. O alumnado non terá dereito a realizar para eses módulos as correspondentes actividades de recuperación a que se refiren os artigos 29.3, 31.4 e 34.3 da Orde do 12 de xullo de 2011, e no caso do segundo curso do réxime ordinario non terá acceso ao módulo de Formación en centros de traballo no período ordinario.

A proba extraordinaria contará de dúas partes:

Unha proba escrita eliminatória sobre realización e interpretación de esquemas das diferentes instalacións, selección de equipamentos e configuración dunha instalación.

Unha proba práctica sobre procedementos de diferentes instalacións.

Para a superación da proba ha de ter superada as dúas partes cunha nota de 5 ou maior. A nota na avaliación final será a media das dúas partes.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Mensualmente realizarase unha reunión de departamento para o seguimento da programación e avaliación da propia práctica docente. Recollerase en acta as medidas adoptadas polo departamento. O equipo docente realizará o seguimento das programacións de cada módulo, con indicación do grao de cumprimento con respecto á programación e, en caso de desviacións, cunha xustificación razoada.

Na avaliación da propia práctica docente terase en conta o seguimento e valorarase, entre outras, a programación, a organización e a concreción do currículo en relación á súa adecuación ás características do ámbito produtivo e ás necesidades do alumnado.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Esta información poderá proceder, entre outras:

a) Dos informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada, de ser o caso.

- b) Dos estudos académicos ou das ensinanzas de formación profesional inicial ou para o emprego previamente realizados.
- c) Do alumnado matriculado sen titulación académica de acceso.
- d) Dos informes ou ditames específicos do alumnado discapacitado ou con necesidades educativas especiais que poida haber no grupo.
- e) Da experiencia profesional previa.
- f) Da matrícula condicional do alumnado estranxeiro.
- g) Da observación do alumnado e as actividades realizadas nas primeiras semanas do curso.

O tratado na sesión de avaliación inicial e os acordos que adopte o equipo docente nela recolleranse nunha acta, da cal se entregará copia na xefatura de estudos, incluíndo especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización na duración das ensinanzas

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Aplicarase as seguintes medidas:

1.-Utilización de metodoloxías diversas. Pártese da base de que un método de ensino que é o máis axeitado para uns alumnos cunhas determinadas características pode non selo para alumnos con características diferentes, e á inversa. Desde este punto de vista, procurarase adaptar a forma de enfocar ou presentar os contidos ou actividades en función dos distintos graos de coñecementos previos detectados nos alumnos, dos seus diferentes graos de autonomía e das dificultades identificadas en procesos anteriores con determinados alumnos.

2.-Propor actividades diferentes. As actividades que se expoñan situarase entre o que xa saben facer os alumnos autonomamente e o que son capaces de facer coa axuda que poidan ofrecerlles o profesor ou os seus compañeiros. Preverase un número suficiente de actividades para cada un dos contidos considerados fundamentais, con distinto nivel de complexidade, de maneira que se poidan traballar estes contidos con esixencias distintas. Prepararase tamén actividades referidas a contidos non fundamentais, complementarios ou de ampliación, para aqueles alumnos que poidan avanzar máis rapidamente ou que o fan con menos necesidade de axuda e que, en calquera dos casos, poden profundar en contidos a través dun traballo máis autónomo.

3.-Materiais didácticos non homoxéneos. Os materiais utilizados ofrecerán unha ampla gama de actividades didácticas que respondan a diferentes graos de aprendizaxe .

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

No ámbito da educación cívica e moral, preténdese a elaboración de xuízos propios a través de debates ou discusión e mediante a participación activa na aula, o que permitirá ao alumno expresar as súas ideas e valorar as dos seus compañeiros. Potenciarase o traballo cooperativo e a responsabilidade persoal no cumprimento das tarefas, a valoración dos distintos puntos de vista e a aceptación de decisións colectivas. Así, a través das actividades que se propoñen, o alumnado interiorizará e elaborará normas e avanzará na formación da súa personalidade.

En definitiva, os contidos deste módulo contribuirán ao alcance dos obxectivos transversais propostos para formación profesional, grazas a utilización de materiais e recursos didácticos que aludan aos contidos dos mesmos:

- educación moral e cívica.
- educación ambiental.
- educación do consumidor.
- educación para a igualdade de oportunidades entre ambos os sexos.
- educación para a paz.
- educación para a saúde.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Visita a FP Innova en Santiago de Compostela

10. Outros apartados

10.1) Publicación

A programación poderase consultar na aula virtual do curso.